



## **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS POR ASISTENCIA Á FORMACIÓN DO PROXECTO "LABORA 2020" COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO**

### **ANTECEDENTES**

Por Resolución de 23 de marzo de 2018 da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, apróbase a convocatoria de 2018 de axudas do Fondo Social Europeo (FSE), previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE), ás que a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto "Labora 2020".

No artigo 8.b) da mencionada Resolución faise referencia, entre outros gastos subvencionables, á axuda económica ás persoas participantes nos itinerarios, que cubrirá os gastos de asistencia á formación, transporte, manutención, aloxamento e conciliación co coidado de familiares.

O Pleno da Corporación provincial, na súa sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2018, adoptou, entre outros, o acordo número 11.7237, no que se aprobou o proxecto "Labora 2020" da convocatoria 2018 de axudas do FSE, previstas no POEFE, no contexto do AP-POEFE, e cofinanciado nun 80 % polo FSE.

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública en réxime de concurrencia non competitiva de axudas económicas por asistencia á formación para as persoas beneficiarias do proxecto "Labora 2020". A vixencia destas bases abrangue desde o día seguinte á súa publicación ata a finalización do proxecto prevista para o 31.12.2021, agás prórroga autorizada pola Comisión Europea que non se estenderá máis aló do 31.12.2022.

O desenvolvemento destas axudas quedará supeditado ao orzamento establecido para a prestación directa de axudas no proxecto "Labora 2020", financiándose con cargo ás aplicacións 20/240.2426.481.01.2019, 20/240.2426.481.01 e 21/240.2426.481.01.

A cantidade total será de 906.261,00 €, dos cales 543.757,00 € (aplicación 20/240.2426.481.01.2019), 181.252,00 € (aplicación 20/240.2426.481.01) e 181.252,00 € para 2021 (21/240.2426.481.01).

A autorización e disposición do gasto correspondente coa anualidade 2021 subordinarase á existencia de crédito dispoñible no respectivo orzamento. A autorización e disposición de gasto, no seu caso, con cargo ao exercicio 2022 condicionarase a autorización da prórroga do programa Labora pola Comisión Europea e existencia de crédito previa incorporación dos remanentes incorporables correspondentes ás anualidades anteriores.

## **SEGUNDA. CLASE E CONTÍA DA AXUDA**

No anexo IV da Resolución, de 13 de decembro de 2018, pola que se resolve a convocatoria 2018 de axudas do FSE no contexto do AP-POEFE, recóllese o método aplicable para determinar os custos do proxecto e a xustificación dos gastos. Establécese o custo da axuda económica ás persoas participantes nos itinerarios en **13,45 € por persoa formada e día de asistencia**.

Este aboamento producirase sempre con posterioridade á comprobación da asistencia á formación.

O cómputo do custo da axuda económica non cubrirá a asistencia ás sesións de titoría e orientación que serán obrigatorias para o cumprimento das horas totais do itinerario de formación.

## **TERCEIRA. PERSOAS DESTINATARIAS E CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AXUDA ECONÓMICA POR ASISTENCIA Á FORMACIÓN**

Esta axuda económica está dirixida ás persoas formadas participantes nos itinerarios formativos do proxecto "Labora 2020" cofinanciado polo FSE nun 80%, que cumpran os límites de rendas ou ingresos individuais de calquera natureza iguais ou superiores en cómputo mensual ao 75 % do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM).

As persoas formadas terán dereito a solicitar a axuda económica por asistencia á formación. Para os efectos desta axuda, entenderase por persoa formada aquela que completara a formación, admitindo ausencias xustificadas de ata o 10 % das horas totais de duración da edición. A formación acreditarase co certificado de asistencia, diploma ou módulos impartidos.

As persoas formadas terán dereito a percibir unha axuda económica cando **ao inicio** da formación:

- Carezan de rendas ou ingresos de calquera natureza iguais ou superiores en cómputo mensual ao 75 % do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM). A estes efectos se terán en conta os ingresos que perciban por prestacións sociais públicas ou de asistencia social

Unha vez **iniciada a formación e durante o desenvolvemento do programa formativo**, as prestacións ou axudas sociais públicas, axudas ao desemprego, ingresos ou rendas de calquera natureza que obteñan as persoas participantes de forma sobrevida serán compatibles coa axuda de asistencia sen a limitación do 75 % do IPREM.

As persoas beneficiarias que teñan faltas de asistencia superiores ao 10 % das horas totais do itinerario, incumpran as obrigas inherentes á actividade ou que abandonen esta por calquera motivo deberán devolver o importe íntegro da axuda percibida ata ese momento seguindo o procedemento de devolución de ingresos indebidos.

#### **CUARTA. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes para a concesión da axuda será de quince días hábiles desde a incorporación da persoa participante á acción formativa. As bases para a solicitude destas axudas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e así mesmo, serán obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra e comunicadas á Base de Datos Nacional de Subvencións nos termos do artigo 20 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

A persoa interesada deberá presentar o anexo I (solicitude) debidamente cuberto e asinado e declarar que cumpre cos requisitos necesarios en cada caso para o recoñecemento do dereito á

subvención que solicita, que no momento do inicio da acción formativa dispón da documentación que acredita tal cumprimento e que a porá á disposición da Deputación de Pontevedra cando lle sexa requirida.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación de solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e os certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Opcionalmente poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

#### **QUINTA. COMPROBACIÓN DE DATOS**

Para a tramitación da concesión da axuda económica por asistencia á formación consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos emitidos polas administracións públicas:

- NIF das persoas solicitantes
- Nivel de renda do 2018 das persoas solicitantes
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra no relativo á percepción de axudas públicas

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado para tal fin no anexo I (solicitud) e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

## **SEXTA. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario de "Instancia xenérica" accesible desde a sede electrónica <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

No caso de que a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a totalidade da documentación exixida, requiriráselles ás persoas solicitantes que emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos nun prazo máximo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da recepción do requirimento, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

## **SÉTIMA. PUBLICACIÓN DAS AXUDAS**

Publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a relación provisional e definitiva de persoas beneficiarias das axudas.

Así mesmo, as resolucións de concesión serán obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra e comunicadas á base nacional de subvencións consonte ao disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

## **OITAVA. ÓRGANO COMPETENTE PARA RESOLVER**

As solicitudes da axuda económica por asistencia á formación do proxecto "Labora 2020", cofinanciado polo FSE, tramitaraas o equipo técnico do proxecto, que recompilará a totalidade da documentación presentada e comprobará que se cumpren os límites de rendas individuais iguais ou superiores en cómputo mensual ao 75 % do IPREM.

A competencia para resolver as solicitudes das axudas individuais recollidas nestas bases corresponderalle ao órgano de goberno competente da Deputación de Pontevedra, por proposta da xefatura do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local co informe favorable do equipo técnico do proxecto "Labora 2020" e logo do exame dos órganos de xestión económica-financeira respectivos, segundo o establecido no procedemento de autorización de gastos.

## **NOVENA. PAGAMENTO**

O pagamento das axudas que sexan aprobadas efectuarase mensualmente, mediante ingreso bancario e producirase sempre con posterioridade á acreditación da asistencia á formación. O primeiro pago de percepción da axuda producirase a partir do segundo mes posterior ao inicio do itinerario formativo.

O equipo técnico do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local recibirá e comprobará os documentos de control de asistencia diaria ás accións de formación teórico-práctica que achegarán as entidades responsables da execución de cada unha das accións formativas co fin de calcular a cantidade que se debe aboar.

## **DÉCIMA. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

As persoas beneficiarias das axudas quedarán obrigadas a:

- Participar na acción formativa
- Cumprir o deber de asistencia e non exceder o 10 % de ausencias durante todo o itinerario
- Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar a información que lles sexa solicitada polo equipo técnico, polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública e polos órganos competentes da Unión Europea

## **DÉCIMO PRIMEIRA. MODIFICACIÓNS E REINTEGRO DAS AXUDAS**

Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión das axudas poderá dar lugar a modificacións da resolución de concesión, segundo se prevé no artigo 17.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

As axudas concedidas deberán serlle devoltas ou reintegradas á Deputación de Pontevedra nos seguintes casos:

- a) Por superar o límite de ausencias do 10 % das horas totais de duración do itinerario
- b) Por obtelas falseando as condicións requiridas
- c) Por incumprir as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases
- d) Por abandono do itinerario formativo
- e) Nos demais casos previstos no réxime xurídico das subvencións

## **DÉCIMO SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO**

As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria teñen a natureza xurídica de subvencións, de acordo cos criterios establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

O seu réxime xurídico axústase ao disposto nestas bases; na LXS e no seu Regulamento (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo); na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia; na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL); na LPACAP; nas Bases de execución do

Orzamento para cada exercicio económico da Deputación de Pontevedra, na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable.

### **DÉCIMO TERCEIRA. RECURSOS**

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

### **DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA**

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria enviarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

### **DÉCIMO QUINTA. PROTECCIÓN DE DATOS**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento explícito das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en [www.depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos](http://www.depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos).